

Mocidade sen deus



Para a elaboración do texto traducido, a tradutora contou cunha bolsa da fundación Robert Bosch Stiftung. A bolsa, organizada polo Literarisches Colloquium Berlin, incluíu unha estancia de traballo na sede desta institución en Berlín e no Colexio Europeo de Tradución de Straelen.

Irmás Cartoné, 2017

1.ª reimpresión: xuño de 2018

Título orixinal: *Jugend ohne Gott*

Tradución: Patricia Buján Otero

Ilustración de cuberta: Carlos Valdés

Deseño e maquetación: Irmás Cartoné

Impresión: Estugraf

ISBN: 978-84-945411-5-5

Dep. Legal: C1512-2017



Este libro comercialízase baixo unha licenza Creative Commons que permite a copia e distribución da obra sempre e cando non se faga con fins comerciais e se recoñeza debidamente a autoría da mesma mediante a mención expresa da autora, a tradutora e a editora. Esta licenza autoriza tamén a produción de obra derivada, coa condición de que a obra resultante sexa distribuída baixo o mesmo tipo de licenza que a orixinal.

ÖDÖN VON HORVÁTH

Mocidade sen deus

Tradución de Patricia Buján Otero



OS NEGROS

25 de marzo.

Sobre a mesa teño flores. Encantador. Un agasallo da boa da miña caseira, porque hoxe estou de aniversario.

Porén, preciso a mesa, así que boto as flores a un lado xunto coa carta dos meus pais. A miña nai escribiu: «No día do teu trixésimo cuarto aniversario deséxoches, benquerido fillo, todo o mellor. Que Deus todopoderoso che dea saúde, prosperidade e felicidade». E o meu pai escribiu: «No día do teu trixésimo cuarto aniversario, benquerido fillo, deséxoches todo o mellor. Que Deus todopoderoso che dea prosperidade, felicidade e saúde».

A prosperidade sempre pode facer falla, paréceme, e saúde teño, por sorte. Toco madeira. Pero felicidade? Non, non podoo dicir que sexa feliz. Nin creo que ninguén o sexa.

Sento á mesa, tiro o tapón dunha tinta encarnada e mancho os dedos; enfádome. Habería que inventar dunha vez unha tinta coa que fose imposible mancharse.

Non, non se pode dicir que sexa feliz.

Déixate de parvadas, contróláte! Pensa que tes un posto fixo, con dereito a xubilación, e iso, hoxe en día, que xa nin sabemos se a Terra seguirá xirando mañá, é moito, non o dubides! Quen

non degoiraría estar no teu lugar? E pensa na baixa porcentaxe de candidatos ao corpo de profesores do Estado que acaban conseguindo a praza! Dálle grazas a Deus por formar parte do corpo docente dunha escola pública de ensino secundario e de que podes chegar a vello caduco sen grandes preocupacións económicas! Como se queres chegar aos cen anos, e até mesmo chegas a ser o habitante máis ancián da patria! Ese día, no teu aniversario, aparecerás nas revistas, e debaixo porá: «Aínda lle rexe ben a cabeza». E todo isto sendo pensionista! Pénsao ben e non peques!

Está ben: mellor non pecar e pórse ao traballo. Diante de min teño vinte e seis cadernos azuis, vinte e seis rapaces, derredor dos catorce anos, que onte na clase de Xeografía tiveron que escribir unha redacción. Son, por certo, profesor de Xeografía e Historia.

Fóra aínda loce o sol; hase estar ben no parque! Porén, o traballo é o primeiro, así que vou corrixir os cadernos e anotar no meu libro de avaliación quen lle dá algún xeito e quen non.

O tema prescrito pola inspección educativa para as redaccións di así: «Por que é imprescindible que teñamos colonias?». Iso, por que? A ver logo que me contades...

O primeiro alumno comeza polo B: apelídase Bauer, de nome Franz. Nesta clase non hai ningún que comece polo A; en cambio, temos cinco con B. Unha rareza que haxa tantos B nun grupo de en total vinte e seis alumnos, pero hai que ter en conta que dous dos B son xemelgos; de aí o inusual. Dáme por botarlle un ollo á listaxe de nomes do libro de avaliación e comprobo que a única letra que se achega ao B en número de alumnos é o S... Xusto, catro comezan polo S, tres polo M, dous coas letras E, G, L e R, e das letras F, H, N, T, W e Z hai cadanseu rapaz, mentres que ningún comeza por A, C, D, I, O, P, Q, U, V, X nin Y. A ver logo, cóntame, Franz Bauer, por que precisamos as colonias?

«Precisamos as colonias —escribe— porque necesitamos numerosas materias primas, pois sen materias primas non poderíamos abastecer de man de obra a nosa superior industria conforme ao seu ser e valores máis propios, o que tería como intolerable consecuencia que o traballador patrio volvería quedar desempregado —Así é, querido Bauer!—. Pero non é só polos traballadores —Daquela por que é, Bauer?—, trátase en realidade do conxunto da nación, pois o traballador tamén forma parte, en definitiva, da nación.»

«Abofé que este é un gran descubrimento» ocórreseme, e de súpeto caio de novo na conta da frecuencia coa que na actualidade se formula unha sabedoría antiquísima como se fose unha novidade, como se esa sentenza se formulase por vez primeira. Ou sería sempre así? Non sei.

Agora o único que sei é que teño que volver ler vinte e seis redaccións, redaccións que tiran conclusións erradas partindo de supostos falsos.

Que fermoso sería que desaparecesen os adxectivos «errado» e «falso», pero non vai ocorrer. Os dous van da man por aí cantando frases ocas, sen significado. Como funcionario público que son, heime coidar de non facer crítica ningunha a esta encantadora copla. Por mal que me faga, que pode facer un só contra todos? O único que lle queda é anoxarse en segredo. E eu non me quero anoxar máis! Bule a corrixir! Non querías ir ao cine?

A ver que nos conta logo N. «Todos os negros son traizoeiros, covardes e lacazáns.» Que parvadas! Veña, isto si que llo risco! E dispóñome xa a escribir en vermello na marxe:

«Xeneralización absurda!»... e aí paro. Olo, onde oín non hai moito esta frase sobre os negros? Onde fora? Xusto: soaba polo altofalante na casa de xantar e case me tira as ganas de comer.

Deixo logo quedar a frase, pois o que un fala na radio non o pode riscar mestre ningún no caderno. E mentres sigo a ler, oio a radio unha e outra vez: bisba, ouvea, ladra, arrola, ameaza... e os xornais reproduceno en letra impresa, e os cativos, eles cópiano.

Xa rematei co T e chego ao Z. Onde vai o traballo de W? Onde pousaría o caderno? Xa lembro: onte W estaba enfermo. Colleu unha pulmonía o domingo no estadio, é certo, xa mo comunicara o pai debidamente por escrito. Pobre W! Como se che ocorre ir ao estadio se está chovendo a cachón e vai un frío que mete medo?

Pero caio na conta de que esta pregunta tamén ma podía facer a min, porque o domingo ti tamén estiveches no estadio e aguantaches fielmente como un campión até que asubiaron o final do partido, e iso que o fútbol que ofreceron os dous equipos non era nin moito menos de primeira categoría. Si, podería mesmo dicirse que o partido foi aburrido a faltar... E, daquela, por que quedaches? E contigo outros trinta mil espectadores que pagaran a súa entrada?

«Por que?»

Cando o extremo dereita finta o interior esquerda e centra, cando o dianteiro centro lanza o balón ao baleiro e o porteiro se tira a por el, cando o interior esquerda abandona a defensa e inicia o ataque pola banda, cando o defensa salva na liña de porta, cando un empurra a outro ou cando fai un xesto deportivo, cando o árbitro é bo ou cando é fulero, parcial ou imparcial, daquela non existe para o espectador nada máis no mundo ca o fútbol, xa faga sol, chova ou neve. Nese momento esquécelle todo.

Que «todo»?

Dáme a risa: os negros, seguramente...

CHOVE

Á mañá seguinte, cando cheguei ao instituto e subía as escaleiras para a sala de profesores, sentín un barullo tremendo no segundo andar. Bulín para arriba e vin que cinco rapaces, en concreto, E, G, R, H e T, estaban a mallar noutro, a saber, en F.

—Que demo vos pasa? —berreilles—. Se vos parece que aínda estades en idade de andar ás agarradas, coma se fósedes cativos de primaria, daquela facédeo cando menos un contra un, e non cinco contra un! Que covardía!

Quedaron mirando para min pamos, mesmo F, sobre quen se botaran os outros cinco. Tiña o colo esgazado.

—E logo que vos fixo? —sigo preguntando, pero estes heroes non queren dicir ren, tampouco o amolado.

Tirándolles da lingua fun conseguindo saber que F non lles fixera nada aos outros cinco; máis ben ao contrario: os cinco roubáranlle o bocadillo, mais non para comelo, senón só por deixar a F sen el. Tiraran o bocadillo pola fiestra para o patio.

Miro para abaixo. Alí está, sobre a pedra gris. Segue a chover e o bolo de pantrigo aí segue, destacando sobre o gris.

E penso: se cadra é que estes cinco non teñen bocadillos e anóxaos que F si tivese. Pero non, tiñan cadanseu bocadillo, e G até tiña dous. E volvo preguntar:

—Daquela por que o fixestes?

Nin eles mesmos o saben. Aquí os teño, diante de min, sorrindo cunha mestura de insolencia e desconcerto. Si, o ser humano ten dereito a ser malo. Xa o dicía a Biblia. Así que deixou de chover e as augas do diluvio se retiraron, Deus dixo: «Non maldicirei a terra outra vez por mor dos homes, por máis que a súa inclinación tenda cara ao mal desde a súa mocidade».

Mantivo Deus a súa promesa? Aínda non o sei. Pero deixo de preguntarlles por que tiraron o bocadillo ao patio. Só inquiri se non sentiron nunca iso de que, desde tempos inmemoriais, desde hai milleiros e milleiros de anos, desde os inicios da civilización humana, existe unha lei non-escrita, unha lei dos homes, que se foi asentado con cada vez maior forza: xa que pelexades, pelexade só un contra un! Comportádevos sempre como cabaleiros! E volvo dirixirme aos cinco e pregúntolles:

—É que non vos dá vergoña?

Non, non lles dá vergoña. Coma se lles falase noutra lingua. Míranme cos ollos moi abertos. O mallado é o único que sorrí. Mófase de min.

—Pechade a ventá! —dígolles—. Aínda ha chover dentro!

Péchana.

En que se converterá esta xeración? Nunha xeración cruel ou simplemente nunha xeración ruda?

Non digo máis nada e vou para a sala de profesores. Na escaleira fico parado e espreito; seguirán pelexando? Non, está todo tranquilo. Estráñalles.

OS PLEBEOS RICOS

De 10.00 a 11.00 dei Xeografía. Nesa clase tiven que tratar a tarefa que corruxira o día anterior sobre a cuestión colonial. Como xa dixeran, seguindo o prescrito, non había nada que obxecar contra o contido das redaccións, así que, mentres lles ía entregando os cadernos aos alumnos, faláballes só de sensibilidade lingüística, de ortografía e de cuestións formais. Así, díxenlle a un dos B que non escribise sempre por riba da marxe esquerda; a R, que os parágrafos tiñan que ser máis longos; a M, que colonias se escribe con c e non kolonias con k. Porén, cando lle devolvín o caderno a N, non me puideran resistir:

—Escribes —díxenlle— que nós, os brancos, somos superiores aos negros a nivel cultural e de civilización, e pode que así sexa, mais non podes escribir que os negros non teñen dereito a decidir se poden ou non poden vivir. Ao fin e ao cabo, os negros tamén son seres humanos.

Miroume en fite durante un anaco e despois deslízouse polo rostro un xesto de desagrado. Ou estaría eu enganado? Colleu o caderno coa nota boa, con total corrección, facendo unha reverencia, e volveu sentar no banco. Axiña había descubrir que non me enganara.

Non se fixo esperar: ao día seguinte veume o pai de N ás titorías. Tocábame dalas unha vez á semana para establecer contacto

cos pais; preguntábanme sobre os progresos que facían os fillos e pedíanme información sobre todo tipo de problemas de educación, a maioría bastante insignificantes. Eran cidadáns honrados: funcionarios, oficiais, comerciantes; ningún traballador entre eles.

Con algún pai teño tido a sensación de que pensabamos parecido no que atinxía ao contido das diferentes redaccións escolares do seu descendente, mais limitabámonos a mirarnos, sorrir e falar do tempo. A maioría dos pais eran maiores ca min; había un que mesmo diría que era un ancián. O máis novo fixo os vinte e oito hai apenas dúas semanas; un tipo elegante que con deza sete seducira a filla dun industrial. Cando vén onda min, sempre chega no seu coche deportivo. A muller fica abaixo. Podo vela desde arriba: o chapeu, os brazos, as pernas. Máis nada. Pero gústame.

«Aos teus anos ti tamén poderías ser xa pai» acórdame entón, pero sei conterme e non penso traer un fillo ao mundo. Para que? Para que me morra dun disparo en calquera guerra por aí?

Agora tiña diante de min o pai de N. A súa forma de andar denotaba autosuficiencia e mirábame directamente aos ollos.

—Son o pai de Otto N.

—Encantado de coñecelo, señor N —respondín, fíxenlle unha reverencia como ten que ser e ofrecínlle asento, mais non sentou.

—Señor profesor —comezou—, a miña presenza aquí hoxe débese a unha cuestión extremadamente grave que mesmo podería chegar a carrexar serias consecuencias. O meu fillo Otto comunicoume onte á tarde, con gran indignación, que vostede, señor profesor, lle deixara caer un comentario totalmente impertinente.

—Eu?

—Si, vostede!

—Cando?

—Co gallo da clase de Xeografía de onte. Os estudantes escribiran unha redacción sobre os problemas coloniais, e foi aí cando vostede lle dixo ao meu Otto: «Os negros tamén son seres humanos». Sabe de que lle falo?

—Non.

Era certo; non lle mentía. Miroume como pretendendo analizar-me. «Miña madriña, que babeco ten que ser este home» pensei.

—A miña presenza aquí —comezou de novo lentamente, remarcando cada palabra— débese ao feito de que ambiciono a xustiza desde unha idade moi temperá. Pregúntolle entón, señor profesor: é certo ou non que se produciu esa ominosa declaración sobre os negros pola súa parte na forma e contexto sinalados?

—Si —digo, e tiven que sorrir—. Perda coidado; a súa presenza aquí non é en balde...

—Como di? —interrompeume con brusquidade—. Non penso aturar este tipo de bromas! Seguro que aínda non entende o significado que ten unha afirmación de tal calibre sobre os negros? Iso é sabotar a patria. Non, a min non me veña dar leccións! Coñezo moi ben as vías secretas e as intrigas pérfidas coas que o veneno do seu sentimentalismo humanista pretende minar as almas inocentes dos rapaces. Isto xa pasa da raia!

—Desculpe —dixen encolerizado—, pero isto xa figura así na Biblia, que todos os seres humanos son seres humanos!

—Cando se escribiu a Biblia, aínda non había colonias como as entendemos hoxe en día —dixo inquebrantable o mestre panadeiro como querendo sentar cátedra—. Unha Biblia hai que entendela en sentido metafórico, figurado ou nada! Ou logo cre vostede, señor, que Adán e Eva existiron de verdade ou só en sentido figurado?! Daquela! Non pretenda pórme a Deus misericordioso como excusa. Diso heime encargar ben.

—Vostede non se ha encargar de nada —dixen e convideino a marchar. Boteino directamente fóra.

Aínda lle deu tempo a berrar:

—Verémonos en Filipos!

Dous días despois estaba eu en Filipos. O director mandárame chamar.

—Atenda —dixo—. Chegounos un escrito da inspección educativa. Un certo mestre panadeiro N presentou unha queixa contra vostede; seica deixou caer certo tipo de afirmacións... Ben, sei como funcionan estas cousas e como se chegan a producir estas queixas; non precisa explicarme nada. Porén, prezado compañeiro, é a miña obriga advertilo de que isto non se debe volver repetir. Non esqueza a circular confidencial con referencia 5679 u/33! É a nosa obriga manter afastada da mocidade calquera cousa que poida dalgún xeito afectar negativamente ás súas capacidades militares futuras... é dicir, temos que educalos moralmente para a guerra. E punto!

Quedei mirando para o director, el sorriu e adiviñou o que me estaba a pasar pola cabeza. Despois ergueuse e púxose a andar dun lado a outro do despacho. «É un home maior e atractivo» pensei.

—Sorpréndelle —dixo de súpeto— que estea aquí a facer soar as trompas da guerra, e sorpréndese con razón! Estará a

pensar: «Mira ti este. Non hai moito aínda asinaba ardentes mensaxes de paz, e hoxe? Hoxe dispónse para a batalla!».

—Sei que o fai porque se ve obrigado —tratei de confortalo.

Parou, quedou pensativo e miroume con atención.

—Mozo —dixo con seriedade—, aténdame ben unha cousa: non hai coacción ningunha. Claro que me podería opor ao espírito da época e deixarme levar preso por culpa dun señor mestre panadeiro, e claro que podería marchar de aquí, pero non quero marchar, certamente, non quero! O que quero é chegar á idade de xubilación para poder cobrar a pensión completa.

«Iso está moi ben» pensei.

—Parecereille un cínico —seguiu e miroume agora con aire totalmente paternal—. Para nada! Todos os que aspirabamos a chegar ás altas ribeiras da humanidade esquecemos unha cousa: o tempo! O tempo en que vivimos. Querido compañeiro, quen leva visto tanto coma min acaba entendendo pouco e pouco a esencia das cousas.

«Ti si que podes falar —pensei—, ti aínda tiveches a sorte de vivir a época de preguerra, unha boa época. E eu que? Amei por primeira vez no último ano da guerra e non preguntes que.»

—Vivimos nun mundo de plebeos —díxome asentindo con tristeza—. Pense por exemplo na Antiga Roma, ano 287 antes do nacemento de Cristo. A loita entre os patricios e os plebeos non estaba aínda decidida, pero os plebeos xa ocupaban os principais postos do Estado.

Atrevínme a obxectar:

—Permítame, señor director, que o interrompa. Até onde eu sei, no noso caso non gobernan pobres plebeos, senón que reina única e exclusivamente o diñeiro.


Volveume mirar con ollos grandes e sorriu con malicia:

—É certo, mais permítame que lle poña agora mesmo un insuficiente en Historia, señor profesor de Historia! Esquece por completo que tamén había plebeos ricos. Non lembra?

Si que lembraba. Por suposto! Os plebeos ricos abandonaron o pobo e formaron xunto cos patricios, que xa nese momento estaban en certa decadencia, unha nova oligarquía, os denominados «optimates».

—Que non lle volva esquecer.

—Non.



ESTE LIBRO VOLVEU
AO PRELO
EN XUÑO DE 2018

